

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 14 DE XUÑO DE 2021

Ás 10:20 horas do día 14 de xuño de 2021, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 9 de xuño, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
 D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
 D^a. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno
 D^a. Ruth María Gallego Santos, suplente do xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento (asiste aos puntos 5, 6, 9a, 11b e 11c)
 D. José Ángel Otero Lamas, xefe da Área de Investimentos (asiste ao punto 8)
 D. Gilberto Moldes Crespo, xefe do Servizo de Montes, parques e Xardíns (asiste aos puntos 9b e 10)
 D. Secundino Otero Faílde, xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo (asiste aos puntos 11 e 14)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na rúa Subride" (709-441)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola enxeñeira de Camiños, Canles e Portos – FEDER VIGO VERTICAL o 9 de xuño de 2021 de valoración do sobre B "proposición avaliada mediante xuízo de valor", así como o informe que rectifica o anterior de data 11 de xuño. A Mesa acepta, por unanimidade o informe de data 11 de xuño.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:48	Páxina 1 de 21
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA744-CFDC38-5B2CA2-N2YKVVQ-1PT2FF-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na estrada do Freixo – Valadares" (715-441)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola enxeñeira de Camiños, Canles e Portos – FEDER VIGO VERTICAL o 9 de xuño de 2021 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor", así como o informe que rectifica o anterior de data 11 de xuño. A Mesa acepta, por unanimidade o informe de data 11 de xuño.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Rosal" (788-441)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos da Área de Servizos Xerais e Vías e Obras o 8 de xuño de 2021 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na rúa Subride" (709-441)

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Redución do prezo
1	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES S.L.	121.718,03 €
2	AVAN INTEGRAL, S.L.	131.981,45 €
3	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	121.497,23 €
4	ROCAS GRANITICAS DEL CONDADO, S.L.	117.370,00 €

Asiste á sesión D^a. Begoña Rivas Baltar, con DNI **. *13.54* en representación da FEDERACIÓN GALLEGA DE LA CONSTRUCCIÓN.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:48	Páxina 2 de 21
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA744-CFDC38-5B2CA2-N2YKVVQ-1PT2FF-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

"Construción de beirarrúas na estrada do Freixo – Valadares" (715-441)

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Redución do prezo
1	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.	217,136.48 €
2	AVAN INTEGRAL, S.L.	226,673.67 €
3	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	211,188.69 €
4	COTOVERDE OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	208,424.92 €
5	MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L.	205,203.37 €
6	MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE ROSA, S.L.	246,743.73 €
7	SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L.	205,477.93 €
8	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	215,883.60 €

Asiste á sesión D^a. Begoña Rivas Baltar, con DNI **. *13.54* en representación da FEDERACIÓN GALLEGA DE LA CONSTRUCCIÓN.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Rosal" (788-441)

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Redución do prezo
1	CIVIS GLOBAL, S.L.U.	308.190,36 €
2	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	306.299,86 €
3	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	314.826,43 €
4	UTE EXCAV. Y CONST. LAUREANO COVELO, S.A. - SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L.	314.209,10 €
5	MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L.	309.309,24 €
6	MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	343.801,24 €
7	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.	346.829,05 €

* Compróbase que a proposición presentada pola UTE EXCAV. Y CONST. LAUREANO COVELO, S.A. - SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L. só está asinad polo representante de EXCAV. Y CONST. LAUREANO COVELO, S.A.

Asiste á sesión D^a. Begoña Rivas Baltar, con DNI **. *13.54* en representación da FEDERACIÓN GALLEGA DE LA CONSTRUCCIÓN.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda:



- Conceder un prazo de tres días á UTE EXCAV. Y CONST. LAUREANO COVELO, S.A. - SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L. para que poida emendar a sinatura da proposición presentada, mediante escrito asinado pola persoa con poder de representación de SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L. no que indique que subscribe a proposición presentada o 12 de maio de 2021 ás 12:08h.
- Unha vez emendada a proposición presentada pola UTE EXCAV. Y CONST. LAUREANO COVELO, S.A. - SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L. solicitar informe ao servizo xestor de valoración das proposicións avaliábeis mediante fórmula.

8.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos para o desenvolvemento do proxecto de axenda urbana no Concello de Vigo e a análise e seguimento das distintas convocatorias e programas europeos e outras convocatorias nacionais e internacionais (671-441)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A secretaria lembra aos membros da Mesa que o 3 de xuño de 2021, en cumprimento do acordado na sesión do mesmo día, se iniciou o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con GRUPO CONSIDERA, S.L.

Durante o prazo concedido, o licitador presentou documentación da que se deu traslado ao servizo xestor.

O 9 de xuño de 2021 o xefe da Área de Inversións emitiu informe sobre a xustificación presentada no que conclúe que *"non se pode chegar á conclusión de que se cumpren os requisitos establecidos no artigo 149 da Lei de Contratos do Sector Público para considerar xustificada á baixa anormal ou desproporcionada e que poida con ela cumprir o contrato"*.

A Mesa, por unanimidade, acepta o anterior informe e acorda propoñer ao órgano de contratación a exclusión deste procedemento de GRUPO CONSIDERA, S.L. por entender que a súa oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais.

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliábeis mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos para o desenvolvemento do proxecto de axenda urbana no Concello de Vigo e a análise e seguimento das distintas convocatorias e programas europeos e outras convocatorias nacionais e internacionais (671-441)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:48	Páxina 4 de 21
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA744-CFDC38-5B2CA2-N2YKVVQ-1PT2FF-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Entrégase o informe asinado pola técnica de Xestión-FEDER Vigo Vertical, a técnica de Xestión da Área de Servizos Xerais e o xefe da Área de Investimentos o 9 de xuño de 2021 de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula".

Á vista do referido informe a Mesa acorda, por unanimidade, conceder un prazo de tres días á UTE KHORA URBAN CONSULTING, S.L. - EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, S.L. para que poida emendar a documentación acreditativa do criterio de adxudicación "Incremento da experiencia do Director/a Proxectos con respecto ó mínimo esixido (6 anos)" (PM1), esixida no apartado 6B do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativa particulares.

Lémbrese que esta emenda debe cingirse á emenda da documentación relativa á experiencia do director de proxectos, debendo permanecer inalterable a súa oferta (entre outras, resolución nº 639/2020, do 21 de maio, do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais).

b) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de varanda de aceiro inoxidable (48.997-446)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Lémbrese que en cumprimento do acordado pola Mesa de Contratación na sesión do 31 de maio de 2021, o 1 de xuño, iniciouse o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con PROVIAL MOBILIARIO URBANO, S.L.U. por canto a súa oferta está incurso en presunción de anormalidade, concedéndolle un prazo de tres días hábiles para xustificar a súa oferta.

Durante o prazo concedido o licitador non presentou documentación ningunha polo que se remitiu o expediente ao servizo xestor para a emisión do informe de valoración das proposicións avaliables mediante fórmula.

Con data do 1 de xuño de 2021 o enxeñeiro industrial do Programa de Análise e Avaliación do Servizo de Montes, Parques e Xardíns emiten informe de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación. O 11 de xuño emiten informe no que rectifican o anterior.

Con posterioridade á emisión do primeiro dos informes e, en consecuencia, unha vez transcorrido o prazo concedido, PROVIAL MOBILIARIO URBANO, S.L.U. presenta con data 9 de xuño de 2021 a documentación requirida.

Á vista do anterior a Mesa acepta, por unanimidade, o informe de data 1 de xuño e acorda excluír deste procedemento a PROVIAL MOBILIARIO URBANO, S.L.U. por canto a súa oferta está incurso en presunción de anormalidade e non ter presentado a documentación requirida dentro do prazo concedido para o efecto.

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de varanda de aceiro inoxidable (48.997-446)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e do informe de valoración das proposicións presentadas, a Mesa acorda, por unanimidade dos asistentes, a adopción do seguinte acordo:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:48	Páxina 5 de 21
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA744-CFDC38-5B2CA2-N2YKVVQ-1PT2FF-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de varanda de aceiro inoxidable (48.997-446) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Prezo unitario ml. valado aceiro inoxidable AISI 316L instalado
1	ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L.	238,85 €
2	LAPATIÁN, S.L.	247,38 €
3	CALFENSA PROYECTOS, S.L.	251,50 €
4	HIRPANEL DEL NORTE, S.L.	258,64 €
5	FRANCISCO EIRAS IGLESIAS	261,60 €
6	OBRAS DECORACIÓN Y FRÍO, S.L.	280,55 €

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L. (B-94.106.663), para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, unicamente a documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP, ao estar inscrito no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia:

- Acreditación da constitución garantía definitiva esixida no apartado 9 das FEC.
- Acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.
- Acreditación da solvencia económica e técnica esixida no apartado 5 das FEC.
- Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 28.6 deste prego, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.

14.- Dar conta da interposición/resolución de recursos

a) Autorización para a ocupación, instalación e explotación de servizos de tempada nas praias: quioscos do Concello de Vigo 2021-2024 (15.023-306)

Dáse conta dos recursos de reposición interpostos contra a clasificación deste procedemento interpostos por TRIBUNA VIGO 2020, S.L. (o 3 de xuño de 2021, documento nº 210097445) e DRINKS ATLANTIC, S.L. (o 7 de xuño de 2021, documento nº 210099540).

11.- Propostas de adxudicación

a) Autorización para a ocupación, instalación e explotación de servizos de tempada nas praias: quioscos do Concello de Vigo 2021-2024 (15.023-306)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:48	Páxina 6 de 21
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA744-CFDC38-5B2CA2-N2YKVVQ-1PT2FF-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores clasificados en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación informa que con data do 28 de maio de 2021 requiriuse aos licitadores clasificados en primeiro lugar, ALIMENTARIA LONGUEICARP, S.L. (Lote 1), ADMINISTRACIÓN DE PLAYAS, S.L. (Lote 2), JESÚS ALBERTO SOUSA RODRÍGUEZ (Lotes 3 e 8), OBDULIA LASTRA FRANCISCO (Lote 4), MANUEL LAGO CHAPELA (Lotes 5, 6, 7, 9 e 11) e TRIBUNA VIGO 2020, S.L. (lote 10), para que presentasen a documentación esixida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP) así como na cláusula novena do prego de cláusulas administrativas particulares.

Durante o prazo concedido todos os licitadores presentaron documentación agás OBDULIA LASTRA FRANCISCO que presentou escrito no que renuncia ao lote 4 (4 de xuño de 2021, nº documento 210098373), polo que de conformidade co previsto no artigo 150.2 da LCSP, enténdese retirada a oferta desta licitadora e procede solicitar a mesma documentación ao licitador clasificado en segundo lugar no lote 4 deste procedemento.

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e da clasificación aprobada por resolución do 28 de maio de 2021, por unanimidade dos asistentes, acorda que se proceda a requirir ao licitador clasificado en segundo lugar no lote 4, DRINKS ATLANTIC, S.L. (B-27.794.031), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. *A documentación esixida na cláusula 5.4 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP):*
 - *Declaración de non estar incurso en prohibición de contratar*
 - *Documentos acreditativos da personalidade xurídica (os empresarios individuais copia do DNI e os empresarios persoas xurídicas, a escritura ou os documentos nos que conste a constitución da entidade e os estatutos polos que se rexa, debidamente inscritos no Rexistro Mercantil ou no que corresponda)*
 - *Documentos acreditativos da representación (cando a proposición non apareza asinada polos licitadores deberá incluírse o poder outorgado a favor de quen subscriba/n a proposición, xunto cunha copia do Documento Nacional de Identidade do/s apoderado/s)*
2. *Acreditar ter subscrito unha póliza de responsabilidade en contía mínima de 300.000 euros para cubrir as continxencias que se puideran producir pola prestación do servizo (cláusula 9 do PCAP).*
3. *Resguardo da garantía definitiva esixible na cláusula 10 do PCAP por importe de 1.200 euros por lote”.*

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:48	Páxina 7 de 21
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA744-CFDC38-5B2CA2-N2YKVVQ-1PT2FF-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011

- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento para a autorización para a ocupación, instalación e explotación de servizos de tempada nas praias: quioscos do Concello de Vigo 2021-2024 (15.023-306)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 22 de abril de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

"1º.- Declara-la urxencia na tramitación do expediente 15023/306 para adxudicación das autorizacións de ocupación, instalación e explotación de servizos de tempada: quioscos expendedores de comidas e bebidas, nas praias do concello de Vigo para os anos 2021 a 2024.

2º.- Aproba-lo prego de cláusulas administrativas para a ocupación, instalación, e explotación de servizos de tempada, quioscos expendedores de comidas e bebidas, nas praias do concello de Vigo para os anos 2021 a 2024, asinado dixitalmente o 13 de abril de 2021.

3º.- Dispoñer a apertura do procedemento de licitación polo procedemento aberto e trámite urxente conforme ó establecido na lexislación de aplicación".

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 28 de maio de 2021 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Tomar razón dos seguintes acordos adoptados pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo:

- *Sesión do 21 de maio de 2021:*
 - 1. Acéptase a renuncia formulada o 19 de maio de 2021 por D. Andrés Ferreira Tobío (lotes 3, 4, 6, 7 e 8) (artigo 94.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro) con carácter previo á apertura das proposicións avaliábeis a través de fórmula.*
 - 2. Exclúese a D^a. MARÍA FRANCISCO TOURIÑO dos lotes 3 e 8 deste procedemento por non ter presentado a proposición avaliábel mediante fórmula conforme ao modelo recollido na cláusula sexta.2.B) do prego de cláusulas administrativas que rexe esta contratación.*
- *Sesión do 27 de maio de 2021: exclúese aos seguintes licitadores polos seguintes motivos:*
 - 1. D. MANUEL LAGO CHAPELA (lote 1): a oferta non cumpre a cláusula undécima, apartado 2 do PCAP; apartado 4.2. Características do Modelo de quiosco B do Anexo III de "Características técnicas dos modelos de*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:48	Páxina 8 de 21
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA744-CFDC38-5B2CA2-N2YKVVQ-1PT2FF-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

quioscos" do PPT e, polo tanto, Cláusula sexta.B) do PCAP sendo motivo de exclusión.

2. ALIMENTARIA LONGUEICARP, S.L. (lotes 2 e 3): as ofertas non se axustan ao establecido na Cláusula undécima, apartado 2 do PCAP; no Anexo III de "Características técnicas dos modelos de quioscos" do PPT, nin na Cláusula sexta.B), do PCAP sendo motivo de exclusión.
3. D. LUIS AGRA LAREO (lote 9): a documenta gráfica da oferta referida ao modelo transitorio de quiosco do ano 2021 non se axusta ás características técnicas recollidas no Anexo III do PPT polo que ao abeiro do establecido na Cláusula sexta.B) do citado PCAP é motivo de exclusión.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento para o outorgamento de **autorización para a ocupación, instalación e explotación de servizos de tempada nas praias: quioscos do Concello de Vigo 2021-2024 (15.023-306)** na seguinte orde descendente:

LOTE 1: quiosco do areal da Punta (A Guía) sinalado co nº1 nos planos do Anexo II do PPT

LOTE 1 quiosco do areal da PUNTA (A Guía) sinalado co nº 1		
LICITADORES	PUNTUACIÓN	CLASIFICACIÓN
Alimentaria Longueicarp, S.L.	75,49	1ª
Tribuna Vigo 2020, S.L.	50,00	2ª

LOTE 2: quiosco do areal de Santa Baia, sinalado co nº 2 nos planos do Anexo II do PPT

LOTE 2 quiosco do areal de SANTA BAIA (Alcabre) sinalado co nº 2		
LICITADORES	PUNTUACIÓN	CLASIFICACIÓN
Administración de Playas, S.L.	100,00	1ª

LOTE 3: quiosco do areal de Tombo do Gato, sinalado co nº 3 nos planos do Anexo II do PPT

LOTE 3 quiosco do areal do TOMBO DO GATO sinalado co nº 3		
LICITADORES	PUNTUACIÓN	CLASIFICACIÓN
Jesús Alberto Sousa Rodríguez	90,00	1ª



LOTE 4: quiosco do areal de Tombo do Gato, sinalado co nº 4 nos planos do Anexo II do PPT

LOTE 4 quiosco do areal do TOMBO DO GATO sinalado co nº 4		
LICITADORES	PUNTUACIÓN	CLASIFICACIÓN
Obdulia Lastra Francisco	96,69	1ª
Drinks Atlantic, S.L.	88,68	2ª
Atlántica de Hostelería 2012, S.L.	82,18	3ª
Administración de Playas, S.L.	80,25	4ª
Manuel Lago Chapela	50,00	5ª

LOTE 5: quiosco do areal de Argazada, sinalado co nº 5 nos planos do Anexo II do PPT

LOTE 5 quiosco do areal de ARGAZADA sinalado co nº 5		
LICITADORES	PUNTUACIÓN	CLASIFICACIÓN
Manuel Lago Chapela	90,00	1ª
Atlántica de Hostelería 2012, S.L.:	74,66	2ª
Juan Manuel Bernardez Lastra	62,57	3ª
Drinks Atlantic, S.L.	59,22	4ª
Administración de Playas, S.L.	44,52	5ª

LOTE 6: quiosco do areal de Samil, sinalado co nº 6 nos planos do Anexo II do PPT

LOTE 6 quiosco do areal de SAMIL sinalado co nº 6		
LICITADORES	PUNTUACIÓN	CLASIFICACIÓN
Manuel Lago Chapela	90,00	1ª
Tribuna Vigo 2020, S.L.	86,98	2ª
Drinks Atlántic, S.L.	68,53	3ª
Atlántica de Hostelería 2012, S.L.	56,98	4ª
Administración de Playas, S.L.	43,57	5ª

LOTE 7: quiosco do areal de Samil, sinalado co nº 7 nos planos do Anexo II do PPT

LOTE 7 quiosco do areal de SAMIL sinalado co nº 7
--



LICITADORES	PUNTUACIÓN	CLASIFICACIÓN
Manuel Lago Chapela	90,00	1ª
Ricardo Santiago Daponte	83,72	2ª
Atlántica de Hostelería 2012, S.L.	69,76	3ª
Drinks Atlántic, S.L.	54,86	4ª

LOTE 8: quiosco do areal de Samil, sinalado co nº 8 nos planos do Anexo II do PPT

LOTE 8 quiosco do areal de SAMIL sinalado co nº 8		
LICITADORES	PUNTUACIÓN	CLASIFICACIÓN
Jesús Alberto Sousa Rodríguez	90,00	1ª
Manuel Lago Chapela	89,53	2ª
Atlántica de Hostelería 2012, S.L.	81,33	3ª
Drinks Atlántic, S.L.	58,74	4ª

LOTE 9: LOTE 9: quiosco do areal do Vao, sinalado co nº 9 nos planos do Anexo II do PPT

LOTE 9 quiosco situado no areal do VAO sinalado co nº 9		
LICITADORES	PUNTUACIÓN	CLASIFICACIÓN
Manuel Lago Chapela	90,00	1ª
Administración de Playas, S.L.	88,33	2ª
Drinks Atlántic, S.L.	67,57	3ª
Atlántica Hostelería 2012, S.L.	51,27	4ª
Tribuna Vigo 2020, S.L.	42,59	5ª

LOTE 10: quiosco do areal do Vao, sinalado co nº 10 nos planos do Anexo II do PPT

LOTE 10 quiosco situado no areal do VAO sinalado co nº 10		
LICITADORES	PUNTUACIÓN	CLASIFICACIÓN
Tribuna Vigo 2020, S.L.	92,37	1ª
Manuel Lago Chapela	40,00	2ª

LOTE 11: quiosco do areal da ETEA, sinalado co nº 11 nos planos do Anexo II do PPT



LOTE 11 quiosco do areal da ETEA sinalado co nº 11		
LICITADORES	PUNTUACIÓN	CLASIFICACIÓN
Manuel Lago Chapela	100,00	1ª
Tribuna Vigo 2020, S.L.	74,21	2ª
Damián Currás Torea	71,26	3ª

Terceiro.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar en cada un dos lotes, ALIMENTARIA LONGUEICARP, S.L. (B-36.937.100) (Lote 1), ADMINISTRACIÓN DE PLAYAS, S.L. (B-27.801.869) (Lote 2), JESÚS ALBERTO SOUSA RODRÍGUEZ (34.871.099-V) (Lotes 3 e 8), OBDULIA LASTRA FRANCISCO (34.867.908-T) (Lote 4), MANUEL LAGO CHAPELA (39.461.164-H) (Lotes 5, 6, 7, 9 e 11) e TRIBUNA VIGO 2020, S.L. (B-27.879.790) (lote 10), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida na cláusula 5.4 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP):
 - Declaración de non estar incurso en prohibición de contratar
 - Documentos acreditativos da personalidade xurídica (os empresarios individuais copia do DNI e os empresarios persoas xurídicas, a escritura ou os documentos nos que conste a constitución da entidade e os estatutos polos que se rexa, debidamente inscritos no Rexistro Mercantil ou no que corresponda)
 - Documentos acreditativos da representación (cando a proposición non apareza asinada polos licitadores deberá incluírse o poder outorgado a favor de quen subscriba/n a proposición, xunto cunha copia do Documento Nacional de Identidade do/s apoderado/s)
3. Acreditar ter subscrito unha póliza de responsabilidade en contía mínima de 300.000 euros para cubrir as continxencias que se puideran producir pola prestación do servizo (cláusula 9 do PCAP).
4. Resgardo da garantía definitiva esixible na cláusula 10 do PCAP por importe de 1.200 euros por lote".

Terceiro.- Esta resolución foi notificada aos licitadores clasificado en primeiro lugar, ALIMENTARIA LONGUEICARP, S.L. (Lote 1), ADMINISTRACIÓN DE PLAYAS, S.L. (Lote 2), JESÚS ALBERTO SOUSA RODRÍGUEZ (Lotes 3 e 8), OBDULIA LASTRA FRANCISCO (Lote 4), MANUEL LAGO CHAPELA (Lotes 5, 6, 7, 9 e 11) e TRIBUNA VIGO 2020, S.L. (lote 10), o día 28 de maio de 2021, que presentan a documentación requirida dentro do prazo concedido para o efecto, agás OBDULIA LASTRA FRANCISCO que presentou escrito no que renuncia ao lote 4 (4 de xuño de 2021, nº documento 210098373).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:48	Páxina 12 de 21
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA744-CFDC38-5B2CA2-N2YKVQ-1PT2FF-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 14 de xuño de 2021 entendeu retirada a oferta de OBDULIA LASTRA FRANCISCO e acordou, por unanimidade, requirir ao licitador clasificado en segundo lugar no lote 4, DRINKS ATLANTIC, S.L. (B-27.794.031), para que presente a documentación esixida no artigo 150.2 LCSP e na cláusula novena do PCAP.

Así mesmo, revisou a documentación presentada polos demais licitadores, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación dos lotes 1, 2, 3, 5, 6, 7, 8, 9, 10 e 11 deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polos licitadores clasificados en primeiro lugar nos lotes 1, 2, 3, 5, 6, 7, 8, 9, 10 e 11, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ALIMENTARIA LONGUEICARP, S.L. (Lote 1), ADMINISTRACIÓN DE PLAYAS, S.L. (Lote 2), JESÚS ALBERTO SOUSA RODRÍGUEZ (Lotes 3 e 8), MANUEL LAGO CHAPELA (Lotes 5, 6, 7, 9 e 11) e TRIBUNA VIGO 2020, S.L. (lote 10), de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante fórmula de data 24 de maio de 2021.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Primeiro.- Tomar razón dos seguintes acordos adoptados pola Mesa de Contratación



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:48	Páxina 13 de 21
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA744-CFDC38-5B2CA2-N2YKVQ-1PT2FF-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

do Concello de Vigo:

- Sesión do 21 de maio de 2021:
 1. Acéptase a renuncia formulada o 19 de maio de 2021 por D. Andrés Ferreira Tobío (lotes 3, 4, 6, 7 e 8) (artigo 94.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro) con carácter previo á apertura das proposicións avaliadas a través de fórmula.
 2. Exclúese a D^a. MARÍA FRANCISCO TOURIÑO dos lotes 3 e 8 deste procedemento por non ter presentado a proposición avaliable mediante fórmula conforme ao modelo recollido na cláusula sexta.2.B) do prego de cláusulas administrativas que rexe esta contratación.
- Sesión do 27 de maio de 2021: exclúese aos seguintes licitadores polos seguintes motivos:
 1. D. MANUEL LAGO CHAPELA (lote 1): a oferta non cumpre a cláusula undécima, apartado 2 do PCAP; apartado 4.2. Características do Modelo de quiosco B do Anexo III de "Características técnicas dos modelos de quioscos" do PPT e, polo tanto, Cláusula sexta.B) do PCAP sendo motivo de exclusión.
 2. ALIMENTARIA LONGUEICARP, S.L. (lotes 2 e 3): as ofertas non se axustan ao establecido na Cláusula undécima, apartado 2 do PCAP; no Anexo III de "Características técnicas dos modelos de quioscos" do PPT, nin na Cláusula sexta.B), do PCAP sendo motivo de exclusión.
 3. D. LUIS AGRA LAREO (lote 9): a documentación gráfica da oferta referida ao modelo transitorio de quiosco do ano 2021 non se axusta ás características técnicas recollidas no Anexo III do PPT polo que ao abeiro do establecido na Cláusula sexta.B) do citado PCAP é motivo de exclusión."Primeiro.- Tomar razón dos seguintes acordos adoptados pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo:
- Sesión do 21 de maio de 2021:
 1. Acéptase a renuncia formulada o 19 de maio de 2021 por D. Andrés Ferreira Tobío (lotes 3, 4, 6, 7 e 8) (artigo 94.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro) con carácter previo á apertura das proposicións avaliadas a través de fórmula.
 2. Exclúese a D^a. MARÍA FRANCISCO TOURIÑO dos lotes 3 e 8 deste procedemento por non ter presentado a proposición avaliable mediante fórmula conforme ao modelo recollido na cláusula sexta.2.B) do prego de cláusulas administrativas que rexe esta contratación.
- Sesión do 27 de maio de 2021: exclúese aos seguintes licitadores polos seguintes motivos:
 1. D. MANUEL LAGO CHAPELA (lote 1): a oferta non cumpre a cláusula undécima, apartado 2 do PCAP; apartado 4.2. Características do Modelo de quiosco B do Anexo III de "Características técnicas dos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:48	Páxina 14 de 21
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA744-CFDC38-5B2CA2-N2YKVQ-1PT2FF-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

modelos de quioscos” do PPT e, polo tanto, Cláusula sexta.B) do PCAP sendo motivo de exclusión.

2. *ALIMENTARIA LONGUEICARP, S.L. (lotes 2 e 3): as ofertas non se axustan ao establecido na Cláusula undécima, apartado 2 do PCAP; no Anexo III de “Características técnicas dos modelos de quioscos” do PPT, nin na Cláusula sexta.B), do PCAP sendo motivo de exclusión.*
 3. *D. LUIS AGRA LAREO (lote 9): a documenta gráfica da oferta referida ao modelo transitorio de quiosco do ano 2021 non se axusta ás características técnicas recollidas no Anexo III do PPT polo que ao abeiro do establecido na Cláusula sexta.B) do citado PCAP é motivo de exclusión.*
- *Sesión do 14 de xuño de 2021: a Mesa entende retirada a oferta presentada por OBDULIA LASTRA FRANCISCO no lote 4 por non presentar a documentación esixida na cláusula novena do PCAP e no artigo 150.2 da LCSP dentro do prazo concedido para o efecto e acorda requirir ao licitador clasificado en segundo lugar no lote 4, DRINKS ATLANTIC, S.L., para que presente a referida documentación.*

Segundo.- Autorizar a ocupación, instalación e explotación de servizos de tempada nas praias: quioscos do Concello de Vigo 2021-2024 (15.023-306) aos licitadores que se indican a continuación e coas seguintes condicións:

- a) *Lote 1 quiosco do areal da Punta (A Guía) (nº 1): autorízase a ALIMENTARIA LONGUEICARP, S.L. por un canon de 1.020 euros.*
- b) *Lote 2 quiosco do areal de Santa Baía (Alcabre) (nº 2): autorízase a ADMINISTRACIÓN DE PLAYAS, S.L. por un canon de 1.601,10 euros.*
- c) *Lotes 3 quiosco do areal do Tombo do Gato (nº 3) e lote 8 quiosco do areal de Samil sinalado (nº 8): autorízase a JESÚS ALBERTO SOUSA RODRÍGUEZ por un canon de 9.900,00 euros e 24.900,00 euros, respectivamente.*
- d) *Lotes 5, 6, 7, 9 e 11 (quiosco do areal de Argazada -nº5-, quioscos do areal de Samil (nº 6 e 7), quiosco situado no areal do Vao (nº 9) e quiosco do areal da Etea -nº 11-): autorízase a MANUEL LAGO CHAPELA por un canon de :*
 - *Lote 5: 24.771,00 euros*
 - *Lote 6: 23.771,00 euros*
 - *Lote 7: 24.771,00 euros*
 - *Lote 9: 26.771,00 euros*
 - *Lote 11: 13.771,00 euros*
- e) *Lote 10 quiosco do areal do Vao sinalado (nº 10): autorízase a TRIBUNA VIGO 2020, S.L. por un canon de 10.333,33 euros.*

Todo iso de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares aprobado por acordo da Xunta de Goberno e as ofertas presentadas”.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Renovación do colector de saneamento na avda. Emilio Martínez Garrido” (811-441)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:48	Páxina 15 de 21
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA744-CFDC38-5B2CA2-N2YKVVQ-1PT2FF-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Renovación do colector de saneamento na avda. Emilio Martínez Garrido" (811-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 6 de maio de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar a declaración da tramitación de urxencia do expediente para contratar a execución do proxecto de "RENOVACIÓN DO COLECTOR DE SANEAMENTO NA AVDA. EMILIO MARTÍNEZ GARRIDO", redactado polo enxeñeiro Técnico Municipal Jorge Muñoz Ramae por conseguinte aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación urxente.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación de data 21 de abril de 2021.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de "OITENTA E DOUS MIL CINCOCENTOS VINTE E NOVE EUROS CON NOVENTA E CINCO CÉNTIMOS" (82.529,95 EUROS) sendo o importe correspondente ao IVE de 14.323,38 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1610.6320001 (OBRAS DE REPOSICIÓN DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO), segundo a distribución de anualidades proposta.

2021	82,529.95 €
------	-------------

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:48	Páxina 16 de 21
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA744-CFDC38-5B2CA2-N2YKVVQ-1PT2FF-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 3 de xuño de 2021 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Renovación do colector de saneamento na avda. Emilio Martínez Garrido" (811-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Baixa ofertada
1	PROYECON GALICIA, S.A.	19.749,10 €
2	NAROM, S.L.	19.576,73 €
3	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	16.184,12 €
4	ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS, S.L.	11.661,48 €
5	CPA-CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA, S.L.	9.944,86 €
6	VIAS E SERVIZOS COMPOSTELA, S.L.	9.920,10 €
7	COTOVERDE OBRAS E SERVIZOS, S.L.	4.782,61 €

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PROYECON GALICIA, S.A. (A-32.032.039), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, PROYECON GALICIA, S.A., o día 4 de xuño de 2021, que presenta a documentación requirida o 9 de xuño, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 14 de xuño de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:48	Páxina 17 de 21
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA744-CFDC38-5B2CA2-N2YKVVQ-1PT2FF-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

PROYECON GALICIA, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por PROYECON GALICIA, S.A., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante fórmula de data 28 de maio de 2021.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a PROYECON GALICIA, S.A. (A-32.032.039) o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Renovación do colector de saneamento na avda. Emilio Martínez Garrido" (811-441) coas seguintes condicións por un prezo total de 62.780,85 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 10.895,85 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

c) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Troncoso" (739-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP),



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:48	Páxina 18 de 21
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA744-CFDC38-5B2CA2-N2YKVQ-1PT2FF-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



- no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Troncoso" (739-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 5 de marzo de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras de "HUMANIZACIÓN DA RÚA TRONCOSO" redactado polo Enxeñeiro Industrial, D. Casimiro Fontenla Bugallo, cun orzamento base de licitación máis IVE de 362.458,03 €.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral e a Xefa do Servizo de Contratación de data 12/02/2021.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de TRESCENTOS SESENTA E DOUS MIL CATROCENTOS CINCUENTA E OITO EUROS E TRES CÉNTIMOS (362.458,03 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 62.905,94 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532.619.00.64 (Human. Rúa Troncoso), segundo a distribución de anualidades proposta.

2021	362,458.03 €
TOTAL	362,458.03 €

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 3 de xuño de 2021 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Excluir deste procedemento a XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que tivese presentado xustificación ningunha no prazo concedido para o efecto.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Troncoso" (739-441) na seguinte orde descendente:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:48	Páxina 19 de 21
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA744-CFDC38-5B2CA2-N2YKVQ-1PT2FF-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

	Licitadores	Puntuación total
1	OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.	98,50
2	COTOVERDE OBRAS Y SERVICIOS S.L.	97,55
3	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	95,21
4	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.	90,37
5	NAROM, S.L.	81,10
6	MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L.	79,76
7	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	71,45
8	MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	70,65
9	CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.	60,89

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L. (B-36.494.185), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L., o día 4 de xuño de 2021, que presenta a documentación requirida o 11 de xuño, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 14 de xuño de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:48	Páxina 20 de 21
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA744-CFDC38-5B2CA2-N2YKVVQ-1PT2FF-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 11 e 31 de maio de 2021, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *"Tomar razón da exclusión adoptada pola concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 3 de xuño de 2021, de XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que tivese presentado xustificación ningunha no prazo concedido para o efecto.*
2. *Adxudicar a OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L. (B-36.494.185) o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Troncoso" (739-441) por un prezo total de 279.708,86 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 48.544,51 euros.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 10:50 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:48	Páxina 21 de 21
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA744-CFDC38-5B2CA2-N2YKVVQ-1PT2FF-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		